

## “TRES LUSTROS E UNHA DÉCADA”

Si, efectivamente, o lema pode inducir a confusión mais é fiel reflexo do paso do tempo que nos une e reafirma na ESENCIA da obra do poeta de PARADELA, Manuel R. L.

Tres lustros desde o seu pasamento (13-02-1990), feito que tanta dor nos produciu, pois a perda física dun bo amigo, dun home sinxelo e xeneroso, sempre produce tristura , desgarró.

Nembargantes, eu coído que naquel intre non eramos de todo conscientes da vitalidade que Manolo acreditaba. A pesares de ter dito con motivo do seu nomeamento como Fillo Predilecto de Paradela: “Manolo non morrerá xamais pois a súa obra faíno inmortal” (04-11-1990). Vitalidade que agora estamos a comprobar , ano tras ano, coa celebración do CERTAME que nesta edición cumpre dez anos.

Dende o horto de San Miguel, lugar de repouso do poeta, á croa do Toural e ó val do Loio hai un sen fin de azul outonal ameazantemente lagrimeiro de gotas puras, cultivadoras dos verdes da nosa terra, do ronsel de ocres das nosas ribeiras polas que estamos xunguidos ás raíces paradelenses. Todo isto tan natural procúranos un nexó equilibrante, coma se foran as veas enraizadas á terra ó traveso dos castiñeiros e carballos que polas súas follas nos xungen co ceo. Habitáculo permanente do “Eterno Emigrante” que salta da raíz ó espazo osixenando todo o que teña a ben achegarse á súa obra que segue a construír e guiar día a día.

Década abondosa no froito de seguer no bo camiño. Este Certame xa é un clásico dos galegos, con gran concurrencia de escritores de gran nivel e valía que dan prestixio a este Certame.

Se ben unha década non é nada na memoria dos tempos, aquí si nos sentimos ledos de colaborar con este pilar na pervivencia da obra de quen “non tiña outra ilusión que non fose a de traballar en exclusiva pola Cultura Galega”.

Nesta X edición acréditase unha vez máis o labor do poeta, chega botar unha ollada e ver ós gañadores, espallados pola xeografía española: Coruña, Lugo, Madrid, Salamanca, Zaragoza.

Manolo segues coma sempre co teu bulir caladiño marcando o norte como dicías nos versos dedicados a Castelao con motivo do 25 cabodano.

“o lider galeguista , marca o norte,  
arde nos peitos , desafía a morte  
E seu esprito na terra fai romaxe  
-non acadóu o corpo a mesma sorte-  
pra acoller con amor o noso homenaxe.”

**J.M. Mato**  
Paradela, outono 2005